

A poesía

1 Le o seguinte texto; é un poema:


Xa chegou a primavera,
rapaciña perfumada,
trae luz nova nos ollos
e un sorriso na cara.

Vén no canto dos paxaros,
na apoteose das flores,
nas raiolas do amencer
e no roibén* dos solpores.

A guapa noiva do vento
con el prometeu casar,
levar de madriña a terra,
levar de padriño o mar.

Xa chegou a primavera
pintando o val e a montaña
cunha paleta de cores,
agasallo dunha fada.

Xoán Neira: *Un niño no xardín*,
Edicións Xerais.



Cada liña dun poema chámase verso.

Os versos poden estar agrupados en estrofas.

Cando a última palabra dun verso remata cos mesmos sons que outra, dicimos que os versos riman.

• Escribe do poema que liches antes, os seguintes datos:

- Cantos versos ten?
- Cantas estrofas ten?
- Escribe as palabras que riman en cada estrofa
 - 1ª estrofa:
 - 2ª estrofa:
 - 3ª estrofa:
 - 4ª estrofa:

2 Completa este poema coas palabras do recadro; fíxate na rima:

- Conta as estrofas e os versos.

Polas esquinas
de abril
a primavera as follas
comeza a

Está a ameixeira
en flor,
quece a terra
o



Pían nas ramas
os ...,
voan no ceo
nubes de algodón.

Por fin,
sobre a ...
se pousou
a primavera.

Santiago Freire: *Martingadas*,
Edicións Morgante.

gorrións
terra
sol
abrir

- **Escribe do poema que liches antes, os seguintes datos:**
 - Cantos versos ten?
 - Cantas estrofas ten?
 - Escribe as palabras que riman en cada estrofa
 - 1ª estrofa:
 - 2ª estrofa:
 - 3ª estrofa:
 - 4ª estrofa: